



CONCELLO DE VIGO
SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

CONVENIO 2006-07



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS [PLDA 2006-08] OFICINA TÉCNICA

O PLDA 2006-08 DE VIGO

É un documento de consenso, elaborado por técnicos/as das entidades que integran o PLDA, e aprobado polo Concello de Vigo o 12 de xuño de 2006, no que se propoñen obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local.

O PLDA 2006-2008 quere ser -ante todo- un instrumento de coordinación entre as entidades prestatarias dos servizos e as diferentes administracións implicadas, para conseguir unha maior coherencia e efectividade nas accións desenvolvidas no municipio.

OFICINA TÉCNICA DO PLDA – EQUIPO DE PREVENCIÓN DE VIGO

Púxose en marcha en outubro do 2006, conforme ás previsións recollidas no PLDA 2006-08.

Composición:

Coordinadora: Ana Cartea López (psicóloga)
Técnica de Xestión: M^a del Carmen Cores Otero (psicóloga)

Obxectivos:

- Servir de apoio técnico e de xestión e coordinación para as diferentes entidades que conforman o PLDA
- Promoción da saúde de cara á poboación en xeral, e grupos de risco en particular, en relación coas drogodependencias e adiccións
- Servir de equipo de prevención vencellado ao convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, en materia de prevención de drogodependencias

Áreas de actuación:

- Apoio técnico ao Servizo de Benestar Social, ao PLDA e ás entidades socias e asociacións específicas no ámbito das drogodependencias
- Coordinación de institucións, entidades, asociacións e profesionais para o desenvolvemento de xeito homoxéneo e coherente das intervencións no ámbito da promoción da saúde en relación coa drogodependencia, que se proxecten e executen no municipio de Vigo
- Difusión, elaboración e búsqueda de recursos necesarios para a posta en marcha de actividades neste ámbito
- Centro de documentación, asesoramento xeral e comunicación en materia de drogodependencia e adiccións

CONCELLO DE VIGO
OFICINA TÉCNICA DO PLDA – EQUIPO DE PREVENCIÓN DE VIGO

RAMÓN NIETO, 328 • 36205- VIGO

Correo-e: plda@vigo.org -teléfono: 986276008

<http://hoxe.vigo.org/movemonos/atencionsocial8.php?lang=gal>